




CONCELLO DE O INCIO



**ESTRATEGIAS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL COA
FINALIDADE DE INTEGRAR A ADAPTACIÓN AO CAMBIO
CLIMÁTICO NA XESTIÓN E PLANIFICACIÓN PÚBLICAS NO
CONCELLO DE O INCIO**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. OBXECTO DO TRABALLO	3
3. DENOMINACIÓN	4
4. ALCANCE INICIAL DA ACTUACIÓN OBXECTO DA SOLICITUDE	4
EQUIPO DO PROXECTO	4
METODOLOXÍA DO PROXECTO	4
OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN	4
OBXECTIVOS	5
REQUISITOS FUNCIONAIS	5
5. MEDIDAS DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA	5
6. CRONOGRAMA E XESTIÓN DE TEMPOS PARA AS ACTIVIDADES	6
7. ÍNDICE DA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL	7
8. FINANCIAMENTO	11



1. Introducción

Redáctase a presente memoria có fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 7 da Orde do 26 de abril de 2016, da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental, coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas, de tal sorte que veña a dar conta dos motivos que levaron ao Concello de O Incio a solicitar unha axuda ao amparo da antedita Orde. A tal efecto, o pasado 24 de maio a Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de O Incio, D^a. Laura Celeiro García, adoptou a resolución de solicitar da Consellería de Medio Ambiente unha subvención para a realización dun proxecto-auditoría encamiñado á elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental no municipio, cuxo contido xeral esbozarse nos apartados que seguen.

2. Obxecto do traballo

Este proxecto enmárcase primeiramente no Programa Operativo FEDER de Galicia 2014-2020 no seu Eixo - 5 - Promover a adaptación o cambio climático e a prevención e xestión de riscos. Neste eixe se programan actuacións con dous obxectivos específicos, como son a posta en marcha de modelos de predición de riscos ante inundacións, incendios e episodios de contaminación atmosférica de orixe climático. Concretamente mediante dúas actuacións: 1) 5a - Apoio á inversión destinada a adaptación o cambio climático, incluídos plantexamentos baseados nos ecosistemas. 2) 5b Fomento da inversión para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte as catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes.

Á súa vez, o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) comprende un conxunto de actuacións relacionadas coa actualización dos distintos plans de seguridade existentes (Plans sobre incendios, entre outros). O Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) foi aprobado pola resolución do 28 de Maio de 2015 (DOGA número 107, do 9 de Xuño), establecendo a obrigatoriedade dun Plan de Actuación Municipal (PAM) ante o risco de incendios forestais, a aqueles concellos declarados como Zonas de Alto Risco (ZAR) de incendios. Dado que o concello de O Incio está dentro da zona ZAR, integrará neste proxecto de forma prioritaria, as actuacións relativas á previsión deste risco no futuro. Asemade, este proxecto tamén se vai integrar co Eixe 3 – Crecemento Sustentable, Territorio, Mar, Agricultura, Gandería e Montes, na Prioridade de Actuación (PA 3.1): *Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe poboación ao medio rural* e na Orientación Específica EO 3.1.0.4, de *Reducir os danos provocados polos incendios forestais, mellorando a prevención e a defensa contra os mesmos* do Plan Estratéxico de Galicia 2015 – 2020, recentemente presentado no Parlamento de Galicia.



3. Denominación

Título: Estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas no concello de O Incio.

4. Alcance inicial da actuación obxecto da solicitude

Equipo do proxecto: Concello de O Incio e Universidade de Santiago de Compostela (Grupo de Investigación PROePLA).

Metodoloxía do proxecto: Desenvolverase seguindo a metodoloxía de dirección de proxectos do Project Management Institute (<http://www.pmi.org/> (PMI)) descrita na Guía dos Fundamentos para a Dirección de Proxectos (Guía do PMBOK®) na súa 5ª Edición.

Oportunidade e/ou xustificación do proxecto: Os incendios forestais en todo o planeta tiveron, teñen, e prevese que teñan, unha gran incidencia no futuro como consecuencia do cambio climático e os cambios derivados. En zonas como a Europa Mediterránea, na que destaca a Península Ibérica e dentro dela Galicia, e especialmente as zonas ZAR, os lumes forestais son o primeiro elemento xerador de impacto negativo dende o punto de vista ambiental, social e tamén económico.

A zona de interface urbano-forestal aparece definida no Real Decreto 893/2013, de 15 de novembro, na que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais, e onde no artigo 1.4 maniféstase que “a Interface urbano-forestal a constitúen as zonas nas que as edificacións entran en contacto co monte. O lume desenvolto nesta zona, non soamente pode alcanzar as edificacións, senón que ademais pode propagarse no interior das zonas edificadas, calquera que sexa a causa da orixe”. Tanto a nivel mundial, como europeo, estatal ou galego, a análise e a prevención de incendios nesta interface entre o monte e os núcleos de poboación, constitúe un dos principais desafíos para o presente e o futuro. No caso de Galicia, con máis de 30.000 núcleos (1 por km²) e dous millóns de hectáreas de monte, integrada nunha paisaxe cambiante como consecuencia do abandono e do cambio climático, supón un dos eixos principais de investigación/acción en materia forestal e de incendios forestais.

O réxime de lumes, nun 95% de orixe antrópica, está condicionado por situacións ambientais extremas (sequía, vento e humidades relativas baixas). Unha das características máis importantes na que coinciden os actuais modelos de predición, é no incremento destes episodios extremos ao longo de cada ano, o que virá supoñendo un maior número de lumes de maiores dimensións e virulencia, como consecuencia do tipo de paisaxe sobre o que se desenvolverán (de características máis mediterráneas).

A capacidade que teñan as sociedades de anticiparse a esta nova situación climática e o deseño de modelos territoriais máis resilientes para fenómenos como os incendios forestais, vai condicionar positivamente a súa sustentabilidade. Deste xeito, este proxecto supón unha oportunidade para que o concello de O Incio, no cal os incendios xa constitúen un grave problema actual, se organice e planifique o seu futuro nun escenario previsiblemente máis perigoso.



Obxectivos:

- Establecer unha estratexia de sustentabilidade coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas do concello de O Incio.
- Dispor dun Plan de Actuacións Municipais fronte a incendios forestais con especial incidencia na avaliación da interface urbano-forestal do concello.

Requisitos funcionais:

- Contar cunha diagnose ambiental fundamentada en datos técnicos e opinión social.
- Establecer liñas estratéxicas e programas de actuación dirixidas á mellora ambiental do concello.
- Establecer un sistema de priorización e programación de actividades para liñas e programas.
- Elaboración dunha estrutura organizativa e de procedementos para a intervención en emerxencias por incendios forestais no concello e actuación cos grupos operativos.
- Un sistema de articulación coas organizacións doutras administracións segundo as previsións do PEIFOGA no que se integre.
- Zonificar o territorio do concello en función do risco e vulnerabilidade de sufrir incendios forestais. Delimitación de áreas segundo posibles requerimentos de prevención, intervención e despregamento de medios e recursos, así como localización da infraestrutura física a empregar nas operacións de emerxencia.
- Un plan con medidas de información e formación da poboación sobre as medidas de autoprotección que se pretenden empregar nos casos de emerxencia por incendios forestais.
- Especificación de actuacións básicas e procedementos de información á poboación para a súa autoprotección, evacuación e albergue.
- Un catálogo de medios e recursos específicos para a posta en práctica das actividades previstas.
- Procedemento específico para a xestión e as actuacións de evacuación da poboación en emerxencias por incendios forestais.
- Especificación de actuacións básicas de apoio loxístico.
- Catalogación dos recursos dispoñibles para a posta en práctica das actividades previstas.

5. Medidas de participación pública

A participación da sociedade constitúe un proceso no que as persoas, de forma individual ou por medio de grupos organizados, poden tomar decisións sobre as institucións, os programas e os ambientes que lles afectan. Por iso, para o éxito de calquera medida que se haxa de implementar, resulta fundamental elixir e aplicar os métodos e as técnicas de participación máis adecuados, de resultados das cales poderá establecerse unha xerarquización nas medidas que haberán de levarse a cabo.

Dado que os temas para tratar neste traballo son de carácter moi específico e que demandan un coñecemento técnico amplo de materias concretas que se han de tratar en profundidade, a estratexia de



participación a seguir é a da participación dun grupo de expertos do ámbito local. A colaboración experta permite incorporar coñecemento práctico e diverso ao proceso de planificación, dando licenza a coñecer a verdadeira realidade da área a estudar e respondendo as necesidades e intereses dos que toman as decisións. A visión desde fóra do organismo para planificar resulta imprescindible para que a estratexia sexa realista e exitosa.

Unido á consideración anterior, e tendo presente as limitacións de tempo e orzamento, conxuntamente coa robustez da técnica, recoméndase traballar coa metodoloxía denominada Lugnasa elaborada polo grupo de investigación PROePLA da Universidade de Santiago de Compostela.

6. Cronograma e Xestión de Tempos para as actividades

Na seguinte táboa amósase a previsión de tempos para as distintas actividades.

TAREFAS	Actividade	SEPT.	OUTUBRO	NOVEMBRO
Reunións	Reunión inicial			
Estratexia	Recollida de documentación técnica			
	Obtención de información de fontes primarias e secundarias			
	Elaboración de escenarios			
	Documentos Estratexia de Sustentabilidade Ambiental			
PAM	Recollida de documentación técnica			
	Análisis e propostas para a zona de interface urbano-forestal			
	Documentos para a planificación e xestión do plan			
	Documento PAM			
Participación Pública	Elaboración da estratexia de participación			
	Proceso Lugnasa			
	Propostas			

7. Índice da Estratexia de Sustentabilidade Ambiental



Como resultado do traballo para elaborar a Estratexia de Sustentabilidade Ambiental do concello de O Incio, preséntase o índice de contido do devandito documento.

**“ELABORACIÓN DE ESTRATEXIAS DE SUSTENTABILIDADE
AMBIENTAL COA FINALIDADE DE INTEGRAR A ADAPTACIÓN
AO CAMBIO CLIMÁTICO NA XESTIÓN E PLANIFICACIÓN
PÚBLICAS. CONCELLO DE O INCIO”**

DIAGNOSIS AMBIENTAL

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. ANTECEDENTES
- 1.2. ESTRUCTURA DE TRABAJO
 - 1.2.1. OBJETIVOS
 - 1.2.2. PROMOTOR
 - 1.2.3. MARCO GENERAL DE LA ESTRATEGIA
 - 1.2.4. CONCEPTO DE ESTRATEGIA AMBIENTAL
 - 1.2.5. METODOLOGÍA
 - 1.2.5.1. Diagnósis
 - 1.2.5.2. Planificación
 - 1.2.6. RESULTADOS ESPERADOS
- 1.3. ÁMBITO DEL ESTUDIO
- 1.4. ENCUADRE TERRITORIAL
 - 1.4.1. SITUACIÓN Y LÍMITES GEOGRÁFICOS
 - 1.4.2. ACCESIBILIDAD
 - 1.4.3. SITUACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 1.4.4. DIVISIÓN MUNICIPAL

2. CLIMATOLOGÍA Y METEOROLOGÍA

- 2.1. INTRODUCCIÓN
- 2.2. RÉGIMEN TÉRMICO
- 2.3. RÉGIMEN PLUVIOMÉTRICO
- 2.4. RÉGIMEN OMBROTÉRMICO
- 2.5. EVAPOTRANSPIRACIÓN
 - 2.5.1. EVAPOTRANSPIRACIÓN POTENCIAL (ETP)
 - 2.5.2. EVAPOTRANSPIRACIÓN RESIDUAL (e)
- 2.6. RÉGIMEN DE HELADAS
- 2.7. MODELOS PREDICTIVOS
 - 2.7.1. INTRODUCCIÓN
 - 2.7.2. ESTUDIOS REALIZADOS
 - 2.7.3. POSIBLES CONSECUENCIAS FUTURAS

3. HIDROGRAFÍA

- 3.1. INTRODUCCIÓN
- 3.2. DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL
 - 3.2.1. LOCALIZACIÓN
 - 3.2.2. GEOLOGÍA DE LA CUENCA
 - 3.2.3. PAISAJE
 - 3.2.4. RIOS PRINCIPALES
 - 3.2.5. SISTEMAS DE EXPLOTACIÓN
- 3.3. RED HIDROGRÁFICA DE BAÑOS DE MOLGAS
- 3.4. CONCLUSIONES

4. GEOLOGÍA

- 4.1. INTRODUCCIÓN
- 4.2. MATERIALES GEOLÓGICOS



5. EDAFOLOGÍA

6. GEOMORFOLOGÍA

6.1. ALTIMETRÍA

6.2. ORIENTACIONES

6.3. PENDIENTES

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

DIAGNOSIS CUALITATIVA

1. INTRODUCCIÓN

2. LA PARTICIPACIÓN SOCIAL EN LA TOMA DE DECISIONES ESTRATÉGICAS

3. METODOLOGÍA LUGNASA

3.1. PROCESO METODOLÓGICO

3.2. CAJA DE HERRAMIENTAS

3.2.1. DELPHI

3.2.2. GROUNDED THEORY

4. ESTRATEGIA DE PARTICIPACIÓN

5. RESULTADOS DE LA ESTRATEGIA DE PARTICIPACIÓN

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ANEXO 1. DOSSIER DE PARTICIPACIÓN

DIAGNOSIS TÉCNICA

1. PAISAJE

1.1. INTRODUCCIÓN

1.2. DESCRIPCIÓN DEL PAISAJE ACTUAL

1.2.1. INTRODUCCIÓN

1.2.2. ÁREAS DE INTERÉS PAISAJÍSTICO

1.2.3. IMPACTOS ANTRÓPICOS

1.2.3.1. Infraestructuras en áreas de interés paisajístico

1.2.3.2. Incendios forestales

1.2.3.3. Catástrofes naturales

1.2.3.4. Caminos rurales y forestales

1.3. ESPACIOS NATURALES PROTEGIDOS

1.4. CONCLUSIONES

2. VEGETACIÓN

2.1. VEGETACIÓN POTENCIAL

2.2. VEGETACIÓN ACTUAL

2.2.1. ESTRATO ARBÓREO

2.2.2. ESTRATO ARBUSTIVO

2.3. CONCLUSIONES

3. FAUNA

3.1. INTRODUCCIÓN

3.2. CONCLUSIONES

4. PLANIFICACIÓN TERRITORIAL

4.1. CARACTERÍSTICAS DEL PLANEAMIENTO URBANÍSTICO

4.1.1. INTRODUCCIÓN



4.1.2. USOS ACTUALES

4.1.3. CONCLUSIONES DE LOS USOS DEL SUELO

5. MEDIO URBANO

5.1. PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

5.1.1. INVENTARIO

5.1.1.1. Patrimonio arquitectónico religioso

5.1.1.2. Patrimonio arqueológico civil

5.1.1.3. Patrimonio etnográfico

5.1.1.4. Otros valores patrimoniales

5.1.1.5. Bienes de Interés Cultural

5.1.2. CONCLUSIONES

5.2. VIVIENDAS

5.2.1. INTRODUCCIÓN

5.2.2. PARQUE DE VIVIENDAS

5.2.3. ESTUDIO DE LAS VIVIENDAS PRINCIPALES

5.2.4. CONCLUSIONES

5.3. ZONAS DE OCIO Y DE RECREO

5.3.1. INVENTARIO

5.3.2. CONCLUSIONES

5.4. EQUIPAMIENTOS Y SERVICIOS

5.4.1. INTRODUCCIÓN

5.4.2. EQUIPAMIENTO SANITARIO

5.4.3. EQUIPAMIENTO DEPORTIVO

5.4.4. EQUIPAMIENTO ESCOLAR

5.4.5. EQUIPAMIENTO ADMINISTRATIVO

5.4.6. EQUIPAMIENTO ASISTENCIAL

5.4.7. EQUIPAMIENTO SOCIO-CULTURAL

5.4.8. EQUIPAMIENTO RELIGIOSO

5.4.9. CONCLUSIONES

6. DEMOGRAFÍA

6.1. EVOLUCIÓN DE LA POBLACIÓN

6.2. ESTRUCTURA ACTUAL DE LA POBLACIÓN

6.2.1. DATOS POBLACIONALES, PIRÁMIDE Y DISTRIBUCIÓN

6.3. CONCLUSIONES

7. MOVILIDAD Y TRANSPORTE

7.1. ACCESIBILIDAD AL TÉRMINO MUNICIPAL

7.1.1. RED VIARIA

7.1.2. CARACTERÍSTICAS DE LAS CALLES Y ACERAS

7.1.3. LIMPIEZA VIARIA

7.2. PARQUE AUTOMOVILÍSTICO Y ESTACIONAMIENTO

7.3. TRANSPORTE PÚBLICO

7.3.1. LÍNEA DE AUTOBUSES

7.3.2. SERVICIO DE TAXIS

7.4. CONCLUSIONES

8. AGUA Y ENERGÍA

8.1. RED DE ABASTECIMIENTO

8.2. RED DE SANEAMIENTO

8.3. ENERGÍA

8.3.1. RED DE SUMINISTRO DE ENERGÍA ELÉCTRICA

8.3.2. ALUMBRADO PÚBLICO

8.3.3. RED DE TELEFONÍA

8.3.4. RED DE GAS

8.3.5. INSTALACIONES MUNICIPALES

8.4. CONCLUSIONES

9. RESIDUOS

9.1. MARCO COMPETENCIAL

9.2. RESIDUOS OBJETO DE RECOGIDA ORDINARIA



- 9.3. RESIDUOS OBJETO DE RECOGIDA ESPECIAL
- 9.4. SISTEMAS DE ALMACENAMIENTO
- 9.5. SISTEMA DE RECOGIDA
- 9.6. OTROS RESIDUOS
- 9.7. PUNTO LIMPIO
- 9.8. VERTEDEROS INCONTROLADOS
- 9.9. CONCLUSIONES

- 10. DIAGNÓSTICO DE LOS FACTORES AMBIENTALES
- 10.1. INTRODUCCIÓN
- 10.2. ANÁLISIS DAFO
- 10.2.1. DEBILIDADES
- 10.2.2. AMENAZAS
- 10.2.3. FORTALEZAS
- 10.2.4. OPORTUNIDADES

FACTORES SOCIOECONÓMICOS

- 1. OCUPACIÓN
- 1.1. POBLACIÓN ACTIVA E INACTIVA. EVOLUCIÓN
- 1.1.1. TASAS DE ACTIVIDAD, OCUPACIÓN Y PARO
- 1.1.2. EMPRESAS
- 1.1.3. RENTAS DE INCLUSIÓN SOCIAL Y AYUDAS DE EMERGENCIA
- 1.1.4. PENSIONES

- 2. ACTIVIDADES ECONÓMICAS
- 2.1. SECTOR PRIMARIO
- 2.1.1. INTRODUCCIÓN
- 2.1.2. GANADERÍA
- 2.1.3. AGRICULTURA
- 2.1.3.1. Cultivos reseñables
- 2.1.3.2. Agricultura ecológica
- 2.1.3.3. Producción integrada
- 2.1.4. SECTOR FORESTAL
- 2.2. SECTOR SECUNDARIO
- 2.2.1. SUBSECTOR INDUSTRIA
- 2.2.2. SUBSECTOR DE LA CONSTRUCCIÓN
- 2.3. SECTOR TERCIARIO

- 3. DIAGNÓSTICO DE LOS FACTORES SOCIOECONÓMICOS
- 3.1. INTRODUCCIÓN
- 3.2. ANÁLISIS DAFO PARA LOS FACTORES SOCIOECONÓMICOS
- 3.2.1. DEBILIDADES
- 3.2.2. FORTALEZAS
- 3.2.3. AMENAZAS
- 3.2.4. OPORTUNIDADES

PLAN DE ACCIÓN AMBIENTAL

- 1. PLAN DE ACCIÓN AMBIENTAL
- 1.1. ¿QUIÉNES SOMOS?, ¿QUÉ HACEMOS?, ¿DÓNDE ESTAMOS?



- 1.2. ¿DÓNDE QUEREMOS IR?
- 1.3. ¿CÓMO LLEGAREMOS?
- 1.4. LÍNEAS DE ACTUACIÓN, PLANES - PROGRAMAS Y MEDIDAS.
 - 1.4.1. L1 - PARTICIPACIÓN Y SENSIBILIZACIÓN CIUDADANA
 - 1.4.2. L2 - GESTIÓN SOSTENIBLE DE LA ADMINISTRACIÓN LOCAL
 - 1.4.3. L3 – PLANEAMIENTO URBANÍSTICO
 - 1.4.4. L4 – MOVILIDAD SOSTENIBLE
 - 1.4.5. L5 – GESTIÓN DE LA ENERGÍA
 - 1.4.6. L6 – GESTIÓN DE RESIDUOS
 - 1.4.7. L7 – GESTIÓN DEL AGUA
 - 1.4.8. L8 – ADAPTACIÓN AL CAMBIO CLIMÁTICO
 - 1.4.9. L9 – GENERACIÓN DE ACTIVIDAD ECONÓMICA SOSTENIBLE
 - 1.4.10. L10 – OTRAS ACTUACIONES TRANSVERSALES
- 1.5. ¿CÓMO MEDIREMOS?
 - 1.5.1. ÁMBITO 1.- OCUPACIÓN DEL SUELO
 - 1.5.2. ÁMBITO 2.- ESPACIO PÚBLICO
 - 1.5.3. ÁMBITO 3.- MOVILIDAD Y SERVICIOS
 - 1.5.4. ÁMBITO 4.- COMPLEJIDAD URBANA
 - 1.5.5. ÁMBITO 5.- BIODIVERSIDAD
 - 1.5.6. ÁMBITO 6.- METABOLISMO MUNICIPAL
 - 1.5.7. ÁMBITO 7.- COHESIÓN SOCIAL
 - 1.5.8. ÁMBITO 8.- CONCIENCIACIÓN Y FORMACIÓN
- 1.6. ¿CUÁNDO LO HAREMOS?

8. Financiamento

Na Resolución de Alcaldía de 24 de maio de 2016, alusiva a este proxecto, acéptanse expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 26 de abril da Consellería de Medio Ambiente, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao amparo desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación aportada xunto a solicitude.

Neste caso, o importe que haberá de soportar o concello de O Incio ascende á cantidade de **2.826 €** (Dous mil oitocentos vinte e seis euros), o que supón un **39 %** do importe total do proxecto.